DOWN Galicia

Revista informativa trimestral

Número 27· **Xaneiro 2023**

O Encontro de familias e profesionais de Down Galicia reúne a máis de 200 persoas



‘Emprego Con Apoio’ cumpre 20 anos e amosa o seu éxito a través dunha campaña

O Punto Virtual de Educación de Down Galicia renóvase para mellorar a inclusión nas aulas

Aprobado o novo baremo de recoñecemento da discapacidade

Todas as fotos do encontro!

A un paso da meta nas **probas de oposición** ➜

Índice

Especial / Encontro de Familias e Profesionais 2022 2

Renovado o Punto Virtual de Educación de Down Galicia 6

A un paso da meta nas probas de oposición 8

'Emprego Con Apoio' conmemora o seu 20 aniversario 9

Novo baremo de recoñecemento da discapacidade 11

Down Ourense e Down Coruña presentan o seu calendario 13

Premiada unha curta rodada por membros de Xuntos 15


Down Vigo renova o convenio coa Autoridade Portuaria 17

Proxecto Troya, unha formación de Down Lugo e o Campus 18

Séguenos, subscríbete e contacta 20

© Publicación da Federación Down Galicia

Textos e deseño realizados polo Departamento de Comunicación



Membros de Down Compostela nun momento distentido



Foto de familia tras o tramo do Camiño

O Encontro autonómico de familias e profesionais do Movemento Down en Galicia reúne a máis de 200 persoas

O intercambio de experiencias e o desfrute dunha xornada distendida foron os eixos centrais do Encontro de Familias do Movemento Down en Galicia 2022, celebrado o 22 de novembro nas localidades de Santiago de Compostela e Teo.

Este encontro autonómico, ao que asistiron máis de 200 persoas, tivo por obxectivo principal proporcionar un espazo de encontro no que as persoas participantes puidesen compartir experiencias e coñecementos relacionados coa síndrome de Down e a discapacidade intelectual, así como desfrutar de tempo de ocio con persoas vencelladas ás entidades Down.

A xornada do sábado deu comezo con actividades culturais. Así, as persoas asistentes puideron escoller entre realizar o último tramo do Camiño Francés desde o Monte do Gozo ou realizar visitas guiadas pola cidade.

Ao seu remate, dirixíronse ata o restaurante Los Robles (Teo) para continuar o día cunha sesión vermú e un xantar de confraternización no que puideron compartir ideas e vivencias con outras familias e profesionais participantes no Encontro.

No transcurso da sobremesa, contouse coa visita do Director Xeral de Persoas con Discapacidade, Fernando González Abeijón, que quixo compartir un tempo coas familias presentes.



Membros da Xunta Directiva e presidentes/as asistentes xunto ao Director Xeral

Un programa para tódalas idades

Ao comezo da tarde, unha parte dos e das asistentes participaron nun relatorio impartido por Santiago Miguel Cruces, Fiscal delegado de apoio á persoa con discapacidade de Galicia, que versou sobre o impacto da Lei 8/2021, do 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica e detallou como se poden establecer mecanismos de comunicación e colaboración coa Fiscalía. Na súa intervención, Miguel Cruces destacou que "todas as persoas deben ter dereito a equivocarse, porque as equivocacións forman parte do proceso evolutivo de cada un".

De xeito paralelo, cativada e mocidade puideron gozar dun programa de actividades lúdicas e espectáculos con xogos tradicionais e diferentes obradoiros. O momento máis aplaudido da xornada foi a actuación do pallaso de Peter Punk, no que contemplaron abraiadas o espectáculo clown "Peor imposible".

Como remate para tod@s, a actuación musical da banda interxeracional de Country-Blues "Deteriorados & Company".

A clausura do evento veu da man de Delmiro Prieto, presidente de Down Galicia, que valorou positivamente a xornada e agradeceu a asistencia das persoas presentes. Prieto quixo destacar a intervención do fiscal, Santiago Miguel Cruces, afirmando "que non estamos ante a simple modificación dunha lei, senón que é unha revolución legal que cambia o paradigma da discapacidade e contribúe a normalizar a vida daquelas persoas que o teñen máis complicado".





Actividades da tarde no encontro



ACCEDE ÁS FOTOS DO ENCONTRO DE FAMILIAS E PROFESIONAIS!

Down Galicia renova o seu Punto Virtual de Educación para apoiar ao profesorado na construción dunha escola máis inclusiva

A Federación Down Galicia renovou integramente en novembro o seu Punto Virtual de Educación, un espazo web que ten por finalidade apoiar ao profesorado galego no deseño dunha escola máis inclusiva.

O portal web, que Down Galicia pon a disposición de toda a comunidade educativa desde hoxe mesmo, busca favorecer a inclusión de todo o alumnado nas aulas e nos centros escolares e mellorar a coordinación e a colaboración entre os distintos axentes implicados no proceso educativo.

Este Punto Virtual de Educación incorpora moitísima información, materiais e documentación, facilitando así un recurso máis na atención á diversidade presente nas aulas. Por un lado, inclúe información sobre o servizo de inclusión educativa das entidades Down de Galicia e os conceptos clave nos que se fundamenta, así como tamén sobre as barreiras máis frecuentes que impiden e/ou dificultan a participación do alumnado coa síndrome de Down e discapacidade intelectual.

Por outra banda, identifica e orienta na importancia da accesibilidade dos materiais empregados e ofrece información sobre distintos enfoques e metodoloxías inclusivas que favorecen a aprendizaxe.

Tamén conta cun extenso apartado coas preguntas máis frecuentes sobre a inclusión na aula das persoas coa síndrome de Down ou outra discapacidade intelectual e cun espazo con documentación fundamental para comprender a importancia da inclusión educativa.

Por último, ofrece un apartado para poder realizar consultas ou enviar información ao equipo de profesionais do servizo de educación da Federación, buscando deste xeito que sexa un espazo vivo e de intercambio, no que o profesorado tamén poida compartir as súas experiencias e materiais, enriquecendo este recurso.

A educación inclusiva: un dereito fundamental

O Movemento Down en Galicia leva case 25 anos reivindicando a importancia da construción dun modelo educativo inclusivo baseado nos principios de calidade, equidade, flexibilidade e respecto á diversidade, e loitando para que todo o alumnado acceda á educación ordinaria e participe en igualdade de condicións, contando con apoios, modificando todo aquilo que sexa preciso, prevendo as distintas barreiras e propoñendo solucións ás mesmas.

A educación inclusiva implica cambios para poder dar resposta ao modelo social de apoio e atención ás persoas con discapacidade fronte ao modelo rehabilitador. En palabras de Delmiro Prieto, presidente de Down Galicia, “as persoas con discapacidade non son a raíz do problema, senón que o son as diferentes barreiras coas que se atopan e as limitacións da propia sociedade para prestar servizos apropiados e para

asegurar adecuadamente que as necesidades das persoas con discapacidade sexan tidas en conta dentro do sistema educativo". O presidente de Down Galicia indica de forma tallante que "a educación ou é inclusiva ou non é educación" e lamenta que sexa "algo frecuente que se pense que algo é educación inclusiva cando non o é".

A educación é un dereito fundamental de todas as persoas, e facelo efectivo esixe garantir que todos os nenos e nenas, mozos e mozas teñan acceso a un sistema educativo de calidade en igualdade de oportunidades. Un sistema que recoñeza o valor da diferenza e apoie a todo o alumnado para conseguir o seu máximo desenvolvemento.

O dereito a unha educación inclusiva está avalado pola Convención Internacional da ONU sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, que no seu artigo 24 recoñece que "os Estados asegurarán un sistema de educación inclusivo a todos os niveis para as persoas con discapacidade". Esta Convención foi ratificada en 2008, aprobada polo Parlamento de Galicia e é de obrigado cumprimento en España ao ter rango de tratado xurídico internacional de Dereitos Humanos.

É por iso que desde o Movemento Down en Galicia continúan insistindo na necesidade de abordar un cambio na metodoloxía de traballo, utilizando enfoques inclusivos nas aulas como o Deseño Universal da Aprendizaxe (DUA), e metodoloxías como a aprendizaxe por proxectos, a aprendizaxe cooperativa ou a programación multinivel, entre outras, que eliminarían as barreiras existentes.

Tamén reclaman máis recursos públicos e máis implicación das administracións para que a escolarización inclusiva do alumnado con discapacidade sexa unha realidade, e esixe a estas últimas compromiso, claridade e concreción á hora de definir o que é a educación inclusiva.

Para conseguir unha verdadeira inclusión educativa é preciso contar con profesorado especialista suficiente, que dará apoio tanto a aquel alumnado con necesidades específicas de apoio educativo coma ao resto dos seus compañeiros e compañeiras, evitando deixar atrás a ningunha persoa por mor da súa discapacidade; pero tamén que o resto do profesorado se forme e empregue na aula metodoloxías que promovan a inclusión de todo o alumnado.

Accede ao Punto Virtual de Educación



Foto de arquivo de sesión de inclusión educativa en Down Coruña

Pleno de aprobados no exame do proceso selectivo estatal para ingreso como persoal laboral fixo

Por todos e todas é sabido que o esforzo, na maioría das ocasións, é a clave do éxito. Así o demostraron as 21 persoas vencelladas ás entidades Down de Galicia que se presentaron en Madrid a comezos deste ano á proba do proceso selectivo para ingreso, por acceso libre, como persoal laboral fixo no grupo profesional E0, especialidade tarefas complementarias de apoio, en prazas reservadas para ser cubertas por persoas que acreditasen discapacidade intelectual, correspondente á Oferta de Emprego Público Estatal do ano 2018.

O resultado é espectacular, xa que o 100% das persoas presentadas acadaron un resultado favorable neste exame. Tras esta proba, 3 delas conseguiron avanzar ata a seguinte fase do proceso, a valoración de méritos.



Persoas candidatas de Down Ourense

Aínda que tras esa última fase, ningunha persoa usuaria das entidades Down opta ás prazas ofertadas, desde a Federación dámoslles os parabéns a todos e todas as participantes, xa que as ganas e o esforzo son o primeiro andar para acadar, antes ou despois, todas as metas que se propoñan.

Ano tras ano son máis as persoas usuarias de entidades Down interesadas en participar nos distintos procesos selectivos existentes. Todas elas pasan meses, ou incluso anos, preparándose e esforzándose ao máximo, evidenciando deste xeito o interese do colectivo polo acceso ao mercado laboral e por intentar acadar un traballo fixo e estable nunha contorna ordinaria, que poida dar estabilidade á súa situación económica e facilitar así a consecución dunha vida máis autónoma e independente.

Reclamacións a Hacienda y Función Pública

Trala realización do mencionado exame, a Federación Down Galicia solicitou á Secretaría de Estado de Función Pública que as futuras probas relacionadas con procesos selectivos similares a este poidan ser descentralizados, cun mínimo dunha localización en cada Comunidade Autónoma nas que se oferten prazas. Desta forma, aumentarían significativamente as opcións de participación dun gran número de persoas e facilitarían o desprazamento ás mesmas.

Desde o Movemento Down en Galicia consideramos que o feito de que este proceso non se descentralice cando outras probas ordinarias si o están a facer, é unha discriminación e un agravio comparativo cara as persoas con discapacidade intelectual.

Down Galicia conmemora o 20 aniversario de Emprego con Apoio cunha campaña de sensibilización

Con motivo da Xornada Mundial polo Traballo Digno, que se conmemora o 7 de outubro, a Federación Down Galicia lanzou este outono unha campaña de sensibilización sobre a metodoloxía de Emprego con Apoio.

Hai xa 20 anos que o Movemento Down en Galicia traballa para que as persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais conten con oportunidades laborais en empresas ordinarias e administracións, fuxindo do emprego segregado e apostando pola verdadeira inclusión laboral.

A través dun adianto promocional, unha peza audiovisual e unha páxina web creada para a ocasión, a Federación busca sensibilizar á sociedade e, sobre todo, ao empresariado galego e ás institucións públicas, sobre a importancia do emprego inclusivo e as vantaxes dunha metodoloxía única como é o Emprego con Apoio.

Esta campaña, que a Federación manterá activa durante todo o mes de outubro, desenvolverase tamén nas redes sociais da entidade, onde Down Galicia ofrecerá información máis detallada sobre o seu programa de emprego e convidará a desterrar os prexuízos existentes sobre o colectivo.



Alba, de Down Lugo, protagonista da campaña

A historia de Alba, entre as moitas experiencias de éxito

Alba Abuín, unha moza de 34 anos membro de Down Lugo, é a protagonista da campaña creada pola Federación Down Galicia. A súa experiencia de éxito representa tamén a de centos de persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais vencelladas ás entidades Down.

O vídeo, peza central desta campaña, amósanos a experiencia de Abuín como repoñedora en Decathlon Lugo e expón as virtudes da metodoloxía de Emprego con Apoio a través das declaracións de distintas persoas involucradas no proceso de inserción, así como da propia Alba.



Accede ao micro-site de Emprego Con Apoio

A responsable de Decathlon Lugo, Lara Teijeiro, destaca que "a contratación de Alba foi unha contratación normal" e que "recomendaría o Emprego con Apoio a tódalas empresas porque é algo que non lles custa nada a nivel de tempo para que a introdución no posto de traballo sexa óptima e fácil".

Sarai Lodeiro, profesional de emprego de Down Lugo, remarca que a vantaxe principal é que "as persoas que empezan a traballar nunha empresa ordinaria sempre van acompañadas dun técnico da entidade Down, que é a persoa que vai acompañalas durante toda a inserción" e "lles vai ensinar, da mellor forma posible, como facer as súas tarefas".

Pola súa banda, Diego Núñez, empregado de Decathlon Lugo, salienta a mellora no clima laboral desde a chegada de Alba, xa que "desde o principio foi unha máis con nós e no seu equipo é unha parte moi importante a nivel anímico".

A protagonista, pola súa parte, comenta que se sinte "unha máis da tenda" e que está "moi a gusto" cos seus compañeiros e compañeiras. Ademais, destaca que lle gusta "traballar en equipo", ter o seu "propio diñeiro e ser independente".

20 anos coa metodoloxía Emprego con Apoio

Foi no ano 2002 cando as entidades Down de Galicia comezaron a desenvolver o programa Emprego con Apoio. Avalada polos seus bos resultados, esta metodoloxía estase a consolidar como unha estupenda fórmula de inserción laboral para aqueles colectivos con máis dificultades á hora de atopar un traballo de xeito inclusivo.

Aprobado o novo baremo de recoñecemento da discapacidade

O Consello de Ministros aprobou en outubro o novo procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, que substitúe ao que estaba en vigor desde 1999. Este Real Decreto adáptase ao modelo social da Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade de Nacións Unidas cun enfoque de dereitos humanos.

O novo texto establece uns criterios obxectivos para a valoración e cualificación do grao de discapacidade en todo o territorio do Estado, garantindo con iso o acceso en igualdade de condicións para toda a cidadanía. Ademais, proporciona unha base científica para a comprensión e o estudo da saúde e dos compoñentes sociais e económicos que impactan na persoa, garantindo unha descrición máis precisa e completa do grao de discapacidade que redunda nunha maior eficiencia e transparencia.

A aprobación deste novo baremo dá resposta a unha demanda das persoas con discapacidade que levaba bloqueada 10 anos e inicia un longo proceso no que os equipos profesionais de valoradores deberán adquirir formación para aplicar de maneira práctica o novo Real Decreto. No devandito proceso, participarán ademais en primeira persoa representantes da sociedade civil da discapacidade como integrantes da Comisión de Valoración da Discapacidade.

En novo Real Decreto establece tamén que os e as menores con discapacidade exercerán os seus dereitos en igualdade de condicións, sen discriminación por motivos de idade ou discapacidade, recibirán asistencia e apoios adaptados ás súas circunstancias e terán o mesmo dereito que as persoas adultas a ser informados e escoitados.

Ademais, como novidade, a súa tramitación pon no centro á persoa, flexibilizando o proceso con medios telemáticos e asegurando en todo momento a accesibilidade universal. Así mesmo, permite que a persoa con discapacidade poida ir acompañada dunha persoa de confianza, o que redundará favorablemente na autonomía e seguridade das persoas con discapacidades severas ou grandes necesidades de apoio.

Este novo baremo permitirá agora realizar unha valoración e cualificación máis certeira de realidades que causan discapacidade como as discapacidades psicosociais, o autismo ou as enfermidades raras. Tamén dispón dunha valiosa fonte de información para o estudo e observación das realidades derivadas da discapacidade, situación real e evolución, permitindo a comparación entre países, disciplinas e servizos en diferentes momentos ao longo do tempo, e facilitando a explotación de información noutros campos da saúde.

A ministra de Dereitos Sociais e Axenda 2030, Ione Belarra, destacou que o novo baremo é «unha demanda histórica». «Por fin terminamos con esa situación aprobando un novo baremo con criterios máis obxectivos, máis precisos e máis humanos, os trámites van ser máis áxiles e flexibles», sinalou.



Sesión de vida adulta en Teima Down Ferrol

Calendarios solidarios por un 2023 máis inclusivo!

Down Ourense e Down Coruña presentaron nas últimas semanas do 2022 o seu calendario para o novo ano.

Os medios de comunicación, a temática en Ourense

O calendario foi presentado en novembro na sede da Deputación. No acto de presentación do almanaque, que tivo lugar na Sala de Xuntas, participaron a deputada provincial, Luz Doporto Real; a presidenta da Asociación Down Ourense, Sonia González Sánchez; e o fotógrafo Emilio Romanos.



Fotografía do calendario de Down Ourense

Nesta edición, Down Ourense contou coa colaboración de distintos medios de comunicación da comarca e do fotógrafo Emilio Romanos Castiñeira. Deste xeito, mozos e mozas da entidade posaron en platós de televisión, estudios de radio, redaccións de prensa ou mesmo gravando con cámaras profesionais e dando a predición meteorolóxica. Pola súa parte, a Deputación de Ourense colaborou sufragando a impresión dos 300 calendarios de parede.

Na súa intervención, Sonia Sánchez destacou a importancia desta iniciativa e resaltou que "supón unha fonte de ingresos moi importante e é unha vía máis de visibilidade e protagonismo para as persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais". Tamén quixo agradecer "a participación de todas as persoas que, de maneira desinteresada, o fixeron realidade".

Este ano a tirada é de 1.000 exemplares: 300 calendarios de parede e 700 calendarios de mesa. Todos eles teñen un prezo de 5€ e os beneficios obtidos coa súa venda irán destinados integramente ós programas de promoción da autonomía persoal que se levan a cabo en Down Ourense e que, actualmente, dan servizo a 86 persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais e ás súas familias.

Aquelas persoas que así o desexen, poden adquirir o seu calendario solidario na propia asociación e nas tendas Angelo Milano (Rúa Paseo, 30) e Nuria Vidal (Rúa Concordia, 12).

O traballo en Down Experience, a inspiración na Coruña

Un ano máis, Down Coruña puxo á venda os seus calendarios solidarios. Nesta ocasión, os almanaques están protagonizados polas persoas que traballan no Quiosco Down Experience, situado na Praza de Ourense da cidade coruñesa.

Desde hai varios anos, Down Coruña promove esta iniciativa de sensibilización co obxectivo de seguir reivindicando a diversidade e a inclusión das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais na sociedade da que forman parte.

O presidente da Asociación Down Coruña, Ricardo Santos, confía na "solidariedade da xente coruñesa" para apoiar iniciativas relacionadas coa inserción laboral e social das persoas con calquera tipo de discapacidade. "O calendario é só unha peza máis do quebracabezas pola inclusión e, desde a nosa entidade, estamos seguros de que terá moi boa acepción", subliña.

Os calendarios pódense adquirir en El Corte Inglés de Catro Camiños, Hipercor de Marineda City e Fnac da Praza de Lugo.

Desde Down Coruña agradecen a colaboración de diferentes entidades da cidade herculina e do resto de Galicia como: Vegalsa, Bayfa, CYMA Informática, BlancoSan, Isla Consulting Coruña, GADIS, COPASA, El Corte Inglés, Fnac, La Lavandería del Orzán, CONGALSA S.L., JG Profesional Tools, Brico4pro, Nasauto Detail, Aceites Abril, MANTENAE, Horno Sanbrandán, Dolco Uniformes, Ártabra Comunicación e SOAP.



Fotografía do calendario de Down Coruña

A curta ‘Felisa e Manolo’, creada por membros de Xuntos, acada o primeiro premio do concurso ‘Curtas D-Medo’ do Concello de Barro

‘Felisa e Manolo’, unha terrorífica curtametraxe creada por 10 persoas usuarias de Down Pontevedra Xuntos, foi recoñecida en novembro co primeiro premio da categoría xeral do concurso ‘Curtas D-Medo 2022’ do Concello de Barro, ao que concorreron xunto con outras seis pezas.

Abel, Jesús, Jessica, Laura Carballa, Iván, Elisa, Diego, Matías, Laura Pérez e Álvaro son os artífices desta creación audiovisual, centrada na malograda voda de Felisa e Manolo. Así, tras entregar o convite a unha amiga, quedan co cura para ultimar os preparativos, pero de camiño á igrexa teñen un accidente de coche no que morren os tres. Tralo enterro e no día no que se ían celebrar as nupcias, os noivos e o cura érguense das tumbas e celebran unha voda zombie.

Ademais da curta gañadora, o grupo de Xuntos presentaron tamén unha segunda peza que non foi premiada nesta ocasión. Para a preparación destas dúas curtas dedicaron un total de sete sesións preparatorias: dúas para elaborar os guións, unha para organizar a gravación, dúas xornadas de toma de imaxes e dúas de montaxe e selección de músicas.

O proceso comezou cunha chuvia de ideas. Logo decidiron o argumento principal, e dende aí desenvolveron os guións.

En canto ao proceso de gravación, as e os protagonistas contan que foi complicado, pero moi divertido. Había pouco tempo, coincidiu con días de choiva e incluso houbo que argallar un sistema para a escena do coche en movemento, xa que ningunha das persoas protagonistas conducía. Sen embargo, todo saíu adiante grazas ao traballo en equipo.

Ademais de mellorar as súas dotes interpretativas, con esta actividade puideron traballar outros temas como proxectar a voz, vocalizar, memorizar ou utilizar o galego, entre outros. E tamén houbo espazo para a improvisación, que sempre aporta material útil e interesante para a montaxe final. Posteriormente, co apoio de Luis e Sonia, técnicos da entidade, seleccionaron as escenas, escolleron a música e elaboraron a montaxe final das pezas.

O certo é que o pasaron xenial con esta experiencia, que están desexando repetir. De feito, xa están cavilando ideas para o certame do vindeiro ano.

En canto ao premio, consistente en 200€, acordaron repartilos entre todas as persoas participantes e gastalos en algo conxunto, como desfrutar dun día tomando algo e indo ao balneario de Cuntis.

O certame ‘Curtas D-Medo’ foi creado hai 6 anos co obxectivo de dinamizar a creación en galego entre a poboación do Concello de Barro, explorar e dar a coñecer a creatividade audiovisual a través da gravación de curtas, fomentar o uso do galego nunha actividade actual e atractiva para o público mozo e ser un centro de transferencia e dinamización cultural.



Autores e autoras da curtametraxe recollen o premio

Down Vigo renova o seu convenio de colaboración coa Autoridade Portuaria

A asociación Down Vigo renovou no pasado mes de novembro o seu acordo de colaboración coa Autoridade Portuaria da cidade, organismo que durante o próximos seis meses contratará a Tamara Carballa, participante do servizo de Emprego Con Apoio da entidade, para que realice tarefas relacionadas co posto de auxiliar administrativo.

Xa son máis de 10 anos os que ambas entidades levan colaborando co obxectivo de insertar laboralmente a persoas usuarias de Down Vigo. Tras o parón obrigado pola pandemia, este acordo retoma esta frutífera relación.

O obxecto deste convenio é a realización de prácticas na Autoridade Portuaria da cidade, potenciando así a inclusión socio-laboral a través de formación no posto de traballo.

Desta maneira, Down Vigo e a Autoridade Portuaria afianzan o seu compromiso de inclusión para que as persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais teñan acceso ao mercado laboral ordinario en igualdade de condicións que o resto da poboación.

Este acordo fíxose efectivo nun acto ao que asistiron Jesús Vázquez Almuíña, presidente da Autoridade Portuaria de Vigo; Roberto Campo, director de Down Vigo; e a propia Tamara Carballa.



Momento da sinatura do convenio

Proxecto Troya, unha formación en competencias empresariais deseñada por Down Lugo e o campus da cidade

A asociación Down Lugo e a Facultade de Administración e Dirección de Empresas da USC do campus lucense presentaron en outubro unha nova formación en competencias e habilidades empresariais para persoas usuarias da entidade. Trátase do proxecto Troya, unha iniciativa que conta con apoio financeiro da Deputación Provincial de Lugo e a través da que se pretende que o mercado de traballo deixe de ser un espazo excluínte para as persoas con discapacidade.

O acto de presentación contou coa presenza do vicerreitor de Organización Académica e Campus de Lugo, Francisco Fraga; a presidenta de Down Lugo, María José Blanco Freire; o deputado provincial delegado da área de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón; e o decano da Facultade de ADE, Roberto Bande Ramudo.

Neste novo proxecto social, promovido en colaboración co Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU) a través da Oficina de Voluntariado do Campus de Lugo, teñen participado oito persoas coa síndrome de Down ou outras discapacidades intelectuais usuarias da asociación Down Lugo, que contaron con 10 sesións formativas presenciais que se desenvolverán todos os mércores desde o 19 de outubro ata finais de decembro na Facultade de ADE.

A inserción e inclusión laboral das persoas con discapacidade intelectual é o obxectivo principal do proxecto Troya, segundo salienta a profesora da USC e coordinadora deste proxecto, Ángeles López Cabarcos. Daquela, engade, "a través deste curso para o desenvolvemento de habilidades buscamos mellorar a empregabilidade deste colectivo", ademais de traballar de xeito transversal outros obxectivos, tales como a mellora da autoestima, a aprendizaxe de competencias no uso e manexo de novas tecnoloxías e mesmo a adquisición de habilidades sociais. Deste xeito, a asistencia a clase antóllase como unha primeira parte do compromiso e do traballo a realizar polas persoas participantes, que tamén deberán manter un contacto co estudantado da Facultade de ADE que actuarán como mentores, establecer rutinas de estudo ou, entre outros, utilizar o transporte urbano.

O alumnado voluntario mentor facilitará apoio individualizado para un mellor aproveitamento do curso. A súa función será a de acompañar ao alumno ou alumna no seu proceso de aprendizaxe, servindo de guía na resolución de dúbidas.

Formación para a inclusión

A presentación do proxecto Troya serviu para facer fincapé en que a formación é un gran factor a ter en conta para garantir as posibilidades de adaptación e inclusión. A esta realidade, cómpre engadir que a maioría das persoas con discapacidade intelectual carece de estudos superiores e, en consecuencia, deste tipo de capacitación, o que se traduce en menos oportunidades de emprego.



Presentación do proxecto no campus lucense

Séguenos

DownGalicia.org

Facebook.com/DownGalicia

Twitter.com/DownGalicia

Instagram.com/DownGalicia

Youtube.com/DownGalicia

Flickr.com/DownGalicia

Subscríbete

Recibe a Revista de Down Galicia no teu correo!

Contacta

O Departamento de Comunicación de Down Galicia é o encargado de confeccionar, publicar e difundir todo evento ou aspecto noticioso das entidades membro da Federación. Non dubides en poñerte en contacto co mesmo no enderezo **comunicacion@downgalicia.org**.

Subvencionado por

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

Consulta a nosa política de privacidade


DOWN
Galicia
Grazas a todas as persoas que participaron no
Encontro de Familias e Profesionais 2022. Ata a próxima!